



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua Española: Expresión textual e visual

Materia	Lingua Española: Expresión textual e visual			
Código	P04G071V01101			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Fernández Soneira, Ana María			
Profesorado	Fernández Soneira, Ana María			
Correo-e	anafe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo estudar os elementos lingüísticos que entran en xogo na comunicación audiovisual e analizar a linguaxe audiovisual.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na lingua galega.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Mostrar unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española	A1	B4	C1	D2
Analizar a comunicación audiovisual desde unha perspectiva lingüística (gramatical, pragmática e estilística)		B1 B5 B6		D2
Recoñecer as funcións da linguaxe que poden formar parte da mensaxe audiovisual	A1	B1	C1	D1
Saber diferenciar as características da linguaxe empregada na comunicación audiovisual, os medios de difusión, os canais elixidos, e o tipo de destinatario da mensaxe e saber adaptar o código lingüístico a estas características.	A1	B5	C1	D4

Analizar mostras comunicativas, principalmente audiovisuais, co obxectivo primeiro de aprender a criticar modelos, sobre todo no que atinxe as características propias de elaboración dun texto: adecuación, coherencia e cohesión	A1	B1 B4 B5 B6 B7	C1	D2
Aprender a manexar os recursos da lingua española para a creación de mostras de lingua creativas, orais, escritas e audiovisuais	A1	B4 B6 B7	C1	D4
Favorecer a expresión de ideas dunha maneira independente, orixinal e tolerante.	A1	B2 B5 B6	C1	D1 D2 D3

## Contidos

### Tema

1. A comunicación, a linguaxe e as linguas: a lingua española	1.1. A comunicación e a linguaxe 1.2. Funcións da linguaxe 1.3. A comunicación verbal e non verbal 1.4. A comunicación audiovisual 1.5. Os xéneros audiovisuais
2. Os niveis e rexistros de uso lingüístico no ámbito audiovisual	2.1. Os medios audiovisuais 2.2. Norma e uso de español nos medios 2.3. Situacións comunicativas e rexistros lingüísticos
3. Análise e composición de textos, escritos, orais e audiovisuais, en español	3.1. Coherencia e cohesión 3.2. Norma e uso do español nos medios 3.3. Intertextualidade 3.4. Modos de escrita: da recensión ao ensaio crítico.
4. Cultura e cine: do texto á adaptación	4.1. Linguaxe literaria 4.2. Linguaxe audiovisual (no cine e nas series contemporáneas)
5. As linguas da cinematografía (galego e español). Estudo de casos	5.1. Análise de mostras audiovisuais 5.2. Crítica de modelos textuais e audiovisuais

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	12	36	48
Resolución de problemas de forma autónoma	12	28	40
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	22	44
Observación sistemática	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	14	16

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Prácticas de análise e produción de textos escritos, orais e audiovisuais e presentacións orais (individuais e grupais) sobre contidos do temario.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos realizarán exercicios sobre textos (escritos, orais ou audiovisuais) propostos pola profesora.
Actividades introdutorias	Presentación dos contidos da materia: os obxectivos son saber cal é a relación que os discentes establecen entre a lingua española e a comunicación audiovisual e cal é a competencia lingüística do alumnado.
Lección maxistral	As horas destinadas ás sesións maxistrais centraranse na explicación dos contidos teóricos da materia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorías para resolver dúbidas sobre os contidos teóricos da materia
Traballo tutelado	Titorías para resolver as dúbidas que plantexen os traballos de avaliación tanto individuais como grupais.
Resolución de problemas de forma autónoma	Titorías para planificar as actividades de avaliación e as dúbidas que lles plantexen.
Probas	Descrición

<b>Avaliación</b>						
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	1. Escollo dun tema relacionado con algún dos contidos da materia e elaboración grupal dun breve traballo de análise que será presentado de xeito oral na aula.  2. Preparación e presentación individual, de xeito oral, dun aspecto vencellado á lingua española ("A lingua española nun minuto")	30	A1	B1 B2 B4 B6	C1	D2
Resolución de problemas de forma autónoma	1. Entrega de prácticas de escrita.  2. Elaboración de prácticas textuais vencelladas a análise de mostras audiovisuais (recensión, crítica...)	30	A1	B1 B4 B5 B7	C1	D2 D3 D4
Observación sistemática	Valorarase a participación activa na aula, tanto na resolución de exercicios como nas preguntas e comentarios que se fagan	10	A1	B6 B7	C1	D1 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita na que o alumnado terá que demostrar a adquisición dos contidos teóricos do curso e unha boa competencia lingüística en español	30	A1	B1 B2 B4 B7	C1	D2

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Farase una avaliación continua a través do seguimento do alumno nos traballos da aula a través da exposición de traballos e a realización de probas. Avaliarase a súa competencia oral, a súa competencia escrita e a aprendizaxe e adquisición de competencias e de coñecementos.

Para superar a materia o alumno ten que realizar todos os traballos estipulados polo profesor (traballos de aula, traballos tutelados, exposicións orais). A entrega de prácticas ou exercicios propostos terá que realizarse na data establecida polo profesor. Fóra dese prazo non serán admitidos. O feito de non entregar algún dos traballos que conforman a avaliación suporá a perda do dereito á avaliación continua e, polo tanto, a obrigatoriedade de facer a proba final na data establecida polo centro.

A nota final será a suma de todas as calificacións obtidas nos traballos e na proba final.

AVISO: a detección de plaxio nalgún dos traballos suporá a perda do dereito á avaliación continua.

2ª Edición de actas O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua poderá realizar un único exame na convocatoria de xullo, na data estipulada oficialmente. Este exame terá unha parte teórica e outra práctica (oral e escrita).

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

Agencia EFE, **Fundéu. Buscador urgente de dudas**, fundeu.es, 2020

Bueno Alonso, Jorge L., **La dimensión visual del material literario: ¿Hacia una antropología cinematográfica?**.

**Adaptación, transvase y rituales filmicos en John Huston's The Dead**, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Ovi, 1999

Escandell Vidal, M<sup>a</sup> Victoria, **La comunicación**, Gredos, 2005

Instituto Cervantes, **El libro del español correcto. Claves para hablar y escribir bien en español**, Espasa, 2012

Sánchez Noriega, José Luis, **De la literatura al cine: teoría y análisis de la adaptación**, 84-493-0896-8, Paidós, 2000

Tascón, Mario, **Escribir en Internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales**, Galaxia Gutenberg, 2012

Wolf, Sergio, **Cine/literatura : ritos de pasaje**, 950-12-2716-2, Paidós, 2001

##### **Bibliografía Complementaria**

Bezós López, Javier (coord.), **Manual de español urgente (Fundéu)**, 978-84-999-2526-4, Debate, 2015

Briz, Antonio, **Saber hablar**, Aguilar, 2008

Cabrera Infante, Guillermo, **Cine o sardina**, 84-226-7122-0, Círculo de lectores, 1997

Costa Sánchez, Carmen & Teresa Piñeiro, **Estrategias de comunicación multimedia**, UOC, 2013

Díaz Fouces, Óscar & Pilar García Soidán, **Redes y retos. Estudios sobre la comunicación en la era digital**, Octaedro, 2016

Durante, Ana, **Guía práctica del neoespañol. Enigmas y curiosidades del nuevo idioma**, Debate, 2015

Escandell Vidal, M<sup>a</sup> Victoria, **La comunicación: lengua, cognición y sociedad**, Akal, 2014

Grijelmo, Alex, **Palabras de doble filo**, Espasa, 2015

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Trea, 2008

Ong, Walter, **Oralidad y escritura. Tecnologías de la palabra**, 978-60-716-3918-9, Fondo de cultura económica, 2016  
RAE, **Diccionario de la lengua española**, <https://www.rae.es/>, 2020  
Sánchez-Escalonilla, Antonio, **Guión de aventura y forja del héroe**, 84-344-6808-5, Ariel, 2002  
Sánchez Lobato, Jesús, **Saber escribir**, Aguilar, 2006  
Santiago Guervós, Javier de, **Principios de comunicación persuasiva**, Arco Libros, 2012  
Trías, Eugenio, **De cine, Aventuras y extravíos**, Galaxia Gutenberg, 2013  
Trueba, Fernando, **Mi diccionario de cine**, Galaxia Gutenberg, 2006

---

## Recomendacións

---

---

## Plan de Continxencias

---

### Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

As metodoloxías docentes serán as mesmas. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto as leccións maxistras. Neste caso pediráselle aos alumnos que con anterioridade a cada clase revisen e analicen as presentacións dos temas (que estarán subidas a Faitic) e as clases organizaranse a partir das súas dúbidas e de exemplos prácticos.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

- Crearase un foro de seguimento da materia en Faitic
- Faranse titorías programadas no despacho virtual da docente
- Comunicación por correo electrónico

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non procede

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se considera nestes momentos

\* Outras modificacións

Non hai

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

A materia está plantexada para facer unha avaliación continua, polo que só se sinalan pequenas modificacións derivadas da posible non presencialidade.

Manteñense os traballos fixados na guía docente pero a avaliación farase sobre o traballo escrito, no caso da exposición oral grupal. A presentación individual substituirase pola grabación dun vídeo dun minuto por parte de cada alumno e despois faremos unha actividade de crítica e avaliación dos traballos.

A proba final, de se-lo caso, será substituída por un traballo de análise dun texto audiovisual.

---